



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
JGL/2022/1	La Junta de Gobierno Local

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	31 de xaneiro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 10:00 ata as 11:00 horas
<b>Lugar</b>	Despacho da Alcaldía
<b>Presidida por</b>	Rocío López García
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	MERCEDES DENGRA SIXTO	SÍ
76580879X	ROCÍO LÓPEZ GARCÍA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 28/12/2021.**





## Concello de Lourenzá

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e oito de decembro do dous mil vinte e un (28/12/2021), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

### **Expediente 518/2021. SOLICITUDE LICENCIA D. CARLOS GAVINO ALVAREZ. PINTURA EXTERIOR VIVENDA.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. CARLOS GAVINO ÁLVAREZ** con domicilio no lugar de Pimento núm. 4 (Santo Adrao-Lourenzá) con NIF. NÚM.\*\*\*\*6706M, con data 20/08/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-1732, para a realización dos traballos consistentes en **PINTURA EXTERIOR DE VIVENDA** sita no lugar de Pimento núm. 4, parroquia de Santo Adrao, na parcela con Referencia Catastral 002101100PJ41A0001PZ e na zona de afección da antiga capela da "Casa do Pintor", en Pimento - Santo Adrao (Lourenzá). Acompáñase á solicitude unha declaración do promotor de que se vai pintar na mesma cor que ten actualmente a vivenda.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 30/12/21 a saber:
  - Estricta suxeición ao solicitado.
  - Normativa aplicable: Solo Núcleo Rural de Santo Adrao.
  - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
  - Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
  - A vivenda a pintar encóntrase na zona de afección da "antiga capela da Casa do Pintor en Pimento pero dado que o solicitante manifesta que vai a pintar da mesmo cor que o existente, non é necesario a autorización da Consellería de Cultura tal e como se recolle na Instrución de 8 de novembro do 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens





## Concello de Lourenzá

inmubles catalogados e declarados de interese cultural, seus contornos de protección e as zoas de amortiguación (punto cuarto; 2c).

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan proxecto técnico.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta e cinco euros (45,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cincocentos cincuenta euros. (1.500,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 512/2021. SOLICITUDE LICENCIA D<sup>a</sup> OTILIA RODRÍGUEZ MOIRÓN. RETELLADO ALPENDRE**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D<sup>a</sup>. OTILIA RODRÍGUEZ MOIRÓN** con domicilio no lugar de Rigueira núm. 5 (Santo Tomé -Lourenzá) con NIF. NÚM.\*\*\*0100Y, con data 15/09/2021 sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-1839, para a realización dos traballos consistentes en **RETELLADO DE ALPENDRE (SIN CAMBIO DE CANGOS)** sito no lugar de Rigueira núm. 2, parroquia de Santo Tomé, na parcela con Referencia Catastral 001902000PJ31B0001ME, na zona de influencia dun rego innominado.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 30/12/21 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Núcleo Rural.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.



Cod. Validación: 5SDP7MH6H4DZPAWRG926LNUJQ | Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 38



## Concello de Lourenzá

- Consta no expediente escrito de Augas de Galicia de data 30 de novembro do 2021 no que se indica que as obras citadas cumpren co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda é suficiente a presentación da Declaración Responsable.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta e cinco euros (45,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cincocentos cincuenta euros. (1.500,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 405/2021.SOLICITUDE DE LICENCIA D. JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. REHABILITACIÓN VIVENDA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por D. JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ con NIF.\*\*\*4988A, con domicilio na rúa Vizcaya núm. 34 (28670-Villaviciosa de Odón-Madrid) con data 19/07/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 1442, para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE VIVENDA sita no lugar de A Teixeira s/n - Parroquia de San Xurxo, na parcela con Referencia Catastral 27027B005014140000LA, na parcela núm. 1414 do Polígono 5 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá-Norte, na zona de policía do Rego de Lourido e do Río Baos, no lugar de Teixeira (San Xurxo-Lourenzá) , para o que acompaña proxecto técnico de data Abril/2021, visado co núm. 2021/563, o 04/06/21, redactado pola arquitecta técnica D<sup>a</sup>. Angeles Moirón Fernández, Colexiada núm. 621 do COAT.


Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licencia ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 19/01/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo Rústico de



Cod. Validación: 5SDP7MH6H4DZPAVRG926LNUJQ | Corrección: https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 38



## Concello de Lourenzá

Protección de augas e Solo Rústico de protección agropecuaria e de acordo co artigo 40 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, trátase dunha edificación de carácter tradicional destinada a uso residencial na que se permiten reformas, rehabilitación, reconstrución e ampliación, incluso volume independente, sin necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, excepto o límite de altura e sen que a ampliación poida superar o 50% do volume orixinario.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Cumpriranse as condicións sexais e particulares que figuran na Resolución favorable da Consellería de Infraestructuras e Mobilidades, Augas de Galicia de data 16/02/21, Expediente DH.W27.70099, que literalmente se transciben:

"A.-XERAIS: 1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de





## Concello de Lourenzá

Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

### B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán na execución de obras de rehabilitación dunha vivenda e peche perimetral parcial no predio con referencia catastral 27027B005014140000LA, no lugar de Teixeira, na parroquia de San Xurxo, no concello de Lourenzá (Lugo).

As obra a realizar na edificación consisten na substitución da totalidade da cuberta da vivenda, comprendendo a substitución de elementos de madeira danados ou irrecuperables e do material de cubrición por lousa de boa calidade, a substitución das unidades de carpintería exterior, e o acondicionamento interior da vivenda, para o que se procedera en primeiro lugar á retirada das placas de cubrición e as unidades de madeira danadas da cuberta, e o levantamento das unidades de carpintería exterior existentes, posteriormente procederáse á colocación de correas e entaboados de madeira (nos puntos obxecto de substitución), a colocación de canalóns e baixantes de pluviais, a colocación de novas unidades de carpintería exterior de madeira (portas e xanelas), e o acondicionamento interior da vivenda (tabicaría, pavimentos e revestimentos, instalacións, carpintería e acabados).

Na parcela procederáse á realización parcial do peche perimetral, comprendendo os lindeiros Norte e Leste. No lindeiro Leste, realizarase un peche (denominado tipo A) a base de cimentación de formigón sobre a que se colocará un muro de cachotería vista de pedra da zona de 0,60 m. de altura, e 0,50 m. De espesor, con pilastras cada aproximadamente 3-4 metros, entre as cales se colocarán unhas travesas de madeira, completando unha altura total do conxunto sobre o terreo de 1,50 metros. Cabe sinalar que se colocarán dúas cancelas de maseira, de 3,00 metros e 1,10 m. de anchura respectiva, para paso rodado peonil. No lindeiro Norte realizarase un peche (tipo B) a base de postes metálicos ancorados a dados de formigón sobre os que irá ancorada unha malla metálica plastificada completando unha altura total sobre o terreo de 1,50 metros.

A superficie aproximada de cuberta é de 210,00 m<sup>2</sup> e as lonxitudes aproximadas do peche para realizar son de 58,11 m. para o peche tipo A, e 61,13 m. para o peche tipo B.







## Concello de Lourenzá

As obras na vivenda executaranse a unha distancia mínima duns 5,3 m da marxe dereita dun rego de Lourido e a uns 62 m da marxe dereita do río Baos, polo tanto na zona de policía de leitos públicos.

2.- Advírteselle ao titular que segundo os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o río Baos, en parte da zona das actuacións están considerados dentro das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa.

A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.

Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, o promotor presenta o 29/01/2021 e o 02/02/2021, unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.

O interesado debe dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.

Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execucións das actuacións.

A estes efectos, extremaranse as medidas de seguridade na execución das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación, polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.

A zona de fluxo preferente e inundable poden consultarse no visor da web de Augas de Galicia. <http://visorgis.cmatl.xunta.es/dhgc/>.

3.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. a partir da marxe dos leitos dos ríos/regatos), quedando en todo caso expedita. No caso de peche tipo B, polo extremo que está máis próximo ao río Baos reducirase a súa lonxitude en 5 m. con respecto á proxectada, polo que terá unha lonxitude máxima aproximada de 61,13 m.

4.- Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria.

5.- Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas da vexetación de ribeira, salvo que se dispoña d previa autorización do organismo de conca.





## Concello de Lourenzá

6.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de seren necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras.

7.- De xeito xeral, as obras non poderán alterar o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polos lugares polos que o farían de xeito natural.

8.-As obras solicitadas non modificarán os puntos de entrada e saída dos fluxos de augas que poidan chegar ao predio. O titular das actuacións será responsable da drenaxe das augas que influan de xeito natural ó ámbito de actuación, sen que a disposición das obras realizadas poida producir efectos prexudiciais por esta causa noutras parcelas ou no dominio público hidráulico.

9.- Os movementos de terras no predio limitaranse aos recollidos nos planos achegados. Non se permite a execución de motas de terras que independicen a chaira de inundación do leito do río, polo que calquera movemento de terra significativo no predio que altere a configuración natural do terreo deberá contar coa previa e preceptiva autorización desta entidade pública empresarial.

10.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se depositarán materiais, acopios ou refugallos no leito do río nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas ou enchentes.

11.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), tendo especial coidado cos materiais de construción utilizados (ex.: formigón). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río, restos de formigón, cemento, pinturas ou outros materiais empregados na construción ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con elas, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

12.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del







## Concello de Lourenzá

estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.

13.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos, zona de fluxo preferente e zonas inundables.

14.- Lémbreselle que, no caso de non estar a vivenda conectada ás redes municipais de saneamento, se se producisen vertidos á rede hidrolóxica (subterránea o superficial) susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia. Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento , lémbreselle que virá obrigado a tramita-la correspondente concesión ante Augas de Galicia, ou, segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por disposición legal.

15.- Esta entidade pública non será responsable da solución técnica, ambiental e estrutural elixidas polo promotor.

16.- Os cascallos e en xeral, residuos xerados durante a actuación deberán Cser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.

17.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisarse acordo cos seus titulares.

18.- Ínstase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección fronte a enchentes da vivenda segundo a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunidade Autónoma.

19.- Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no aso de producirse enchentes que puideran afectar á construción. Recomendáselles ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das vivendas o recollido no Anexo VIII ("Consellos á poboación ante o risco de inundacións) da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).

20.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación





## Concello de Lourenzá

(tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

21.- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses contado a partir do día seguinte ao da recepción desta resolución. Finalizado este prazo, extingúrase a validez da autorización a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

22.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.

- Consta no expediente o informe favorable da Consellería de Medio Rural, Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 23/07/21, Expediente 144/2021, no que literalmente se indica: "As actuacións de rehabilitación de vivenda en Teixeira, non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador, interese fundamental deste Servizo, dado que afectan principalmente a unha edificación e , en menor medida, á parcela sobre a que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non existe impedimento para a execución das obras solicitadas . O presente informe emítase, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de actuacións, en particular o relativo ás rehabilitacións e/ou ampliacións de construcións que de carácter tradicional contempladas no artigo 40 da Lei 2/2016 e 63 do Decreto 143/2016, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses/ Finalización 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar tres mil cento once euros con oitenta e catro céntimos (3.111,84) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cento tres mil setecentos vinte e oito euros con oito céntimos (103.728,08). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 523/2021. SOLICITUDE LICENCIA D<sup>a</sup> ANA BELÉN GEADA RICO. CONSTRUCCIÓN COBERTIZO**





## Concello de Lourenzá

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D<sup>a</sup>.ANA BELÉN GEADA RICO E D. IGNACIO ARES RODRÍGUEZ**, con NIF. \*\*\*\*9254H e \*\*\*\*2077V, respectivamente, con domicilio no lugar de Tercias núm. 2 (Santo Tomé -Lourenzá), con data 28/09/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-1979, para a realización dos traballos consistentes en **COBERTIZO PARA GANDO VACÚN** sito no lugar de Tercias, parroquia de Santo Tomé, na parcela 1231 do Polígono núm. 5 da Zona de Concentración de Lourenzá Sur, con Referencia Catastral 27027C005012310000DP e no trazado do Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa e no contorno de protección do "Castro de Tercias de Abaixo."

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 20/01/2021 a saber:
  - Estrita suxeición ao solicitado.
  - Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
  - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
  - Retranqueo a colindantes: mínimo 5 m.
  - As obras solicitadas consisten na construción dun cobertizo para gando vacún.
  - Consta no expediente a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, de data 23/12/2021, Expediente 2021/2019 no que se AUTORIZAN, literalmente: *"a execución das obras Proxecto cuberto para gando vacún, no lugar de Tercias, parroquia de Santo Tomé, termo municipal de Lourenzá, co cumprimento das condicións indicadas no punto 6 desta Resolución e que son:*  
*"A totalidade das fachadas de bloques de formigón o ladrillos vistos, materiais pensados para ser revestidos, deberán quedar perfectamente recibidos, cun acabado liso e sen brillos, tendo en conta que as fachadas antigamente tiñan a pedra á vista o ben encalábanse."*
  - Consta no expediente o informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 29/10/2021, Ref. 214/2021 no que literalmente consta:





## Concello de Lourenzá

"A preservación dos resultados do proceso concentrador, interese fundamental deste servizo non se verían prexudicados coa execución do proxecto obxecto da solicitude, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición ás actuacións pretendidas, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de construcións, en particular a distancia a viais, cauces e recuamentos a fincas estremeiras, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.  
Igualmente aprobose a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos setenta e un euros con sesenta e seis euros (271,66) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en nove mil cincuenta e cinco euros con corenta e un céntimos (9.055,41). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### Expediente 542/2021. SOLICITUDE LICENCIA XIRALDO S.C. SUBSTITUCIÓN CARPINTERÍAS.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenza formulada **D<sup>a</sup>. PATRICIA HERMIDA FERNÁNDEZ** con NIF.\*\*\*0025F, en representación de Xiraldo SC, con domicilio en Iglesia núm. 4, parroquia de Santo Adrao, con data 18/10/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 207, para a realización dos traballos consistentes en **SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS EN BAR XIRALDO**, sito no lugar de Iglesia núm. 4, parroquia de Santo Adrao, con Referencia Catastral 002500200PJ31B0001XE, na zona de afección do Rego do Castelo e da Estrada Provincial LU-P-2801 de Santo Tomé a Augaxosa, marxe esquerda, P.KM. 1,2. Acompañase á solicitude presuposto das obras a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou





## Concello de Lourenzá

restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 20/01/2021 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.
  - Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural, 15 San Adriano.
  - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
  - Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
  - As obras solicitadas consisten na colocación de 5 ventás de aluminio branco.
  - Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 27/10/21 polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W.27.80962, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).
  - Consta no expediente a declaración responsable remitida á Exma. Deputación Provincial por estar na zona de afección da estrada provincial LU-P-2801, de Santo Tome (LU-122) a Augaxosa-Mazo (LU-124) marxe esquerdo, P.K. 1,2.
  - Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
- Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos sesenta euros con setenta e un céntimos (260,71) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en oito mil seiscentos noventa euros con vinte e cinco céntimos (8.690,25). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 611/2021. SOLICITUDE LICENCIA D<sup>a</sup> ELVIRA M<sup>a</sup> PERTEGA ANDÍA. ILLAMENTO FACHADA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada **D<sup>a</sup>. ELVIRA MARÍA PÉRTEGA ANDÍA** con NIF.\*\*\*\*9422-L, con domicilio en O Piñeiro núm.6, parroquia de San Xurxo, con data 20/12/21 sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RE-441 para a realización dos traballos consistentes en **ILLAMENTO DE FACHADA CON**





## Concello de Lourenzá

**SISTEMA SATE E CAMBIO DE VENTÁS DE VIVENDA** sita no lugar de Piñeiro núm.6, parroquia de San Xurxo, coas Referencia Catastral 002404400PJ31D0001AZ, na zona de afección dun regato innominado e da estrada autonómica LU-122 que une Paraxes con Lourenzá, P.K.30,00, marxe dereita. Acompáñase á solicitude presupostos das obras a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 20/01/2021 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural, 12, Piñeiro-Machuco.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 29/11/21, polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.81374, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixente en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

- Consta no expediente a declaración responsable presentada o día 15/11/21 ante o Servicio Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas ao estar as obras a realizar na zona de afección da Estrada Autonómica LU-122, Paraxes-Lourenzá, sendo suficiente esta declaración por tratarse dunhas obras menores.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil trescentos trinta e tres euros con trinta e sete céntimos (1.333,37) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en corenta e catro mil catrocentos corenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (44.445,76). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.







## Concello de Lourenz

**Expediente 571/2021. LICENZA PARA REORGANIZACIN DA PARCELA 647 DEL POLGONO 2 SITA EN POUSADA,36(SANTA MARA) DE JOS LUIS PINEIRO REJA.**

**Favorable**

**Tipo de votacin:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenza de **SEGREGACIN FINCA DE 1588,10 M2 EN POUSADA NM.36, PARCELA NM. 647 DEL POLGONO NM.2 DE LOURENZ NORTE** formulada por **D. JOS LUIS PINEIRO REJA**, con NIF.\*\*\*\*7721H, con domicilio a efectos de notifiacns en Ra Corporacin Municipal nm.37-5C(27780 FOZ) con fecha 14/12/2021 y nm.428 de registro de entrada (GESTIONA 571/2021), y en su representacin y en su representacin D. M.Mayte Vidal Lourido, con domicilio en Avda. Balados nm.70 entresolo. (36210 Vigo) en el que solicita segregar la Finca nm. 647 del Polgono 2 de la Zona de Concentracin Parcelaria de Lourenz Norte, sita en el lugar de Pousada nm.36, parroquia de Santa Mara, trmino municipal de Lourenz con referencias catastrais

27027B002006470000LQ(parcelarstica);27027B002006470001BW (parcelaurbana)001303900PJ31F0001XH (parcela urbana construida,uso residencial), para lo que acompaa Proyecto de Reorganizacin de fincas de fecha Noviembre/2021redactado por D. Mayte Vidal Lourido, arquitecta colegiada nm. 4088 del COAG. Vistos que figuran no expediente os informes favorables emitidos polo arquitecto tcnico municipal e por Secretara-Intervencin , ambos de data 27/01/2022.

Visto que no informe favorable del arquitecto tcnico municipal, D. Francisco Damin Prez Rodrguez, indicase que  vista da transitoria primeira da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, nos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade  Lei 2/2016, e non adaptado  Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenacin Urbanstica e Proteccin do Medio Rural de Galicia; ao solo incluido no mbito dos ncleos rurais e as sas reas de influencia o tolerancia seranlles de aplicacin ntegra o disposto no planeamento respectivo, no caso do Concello de Lourenz, as NNSS de Planeamento Municipal.

Visto que por el arquitecto tcnico municipal se informa que, de acordo coa normativa citada para o Solo de Ncleo Rural establecece unha parcela mnima de 400 m2 para Solo No Urbanizable de Ncleo rural e 1.000 m2 para Area de Tolerancia; e unha vez realizada a segregacin tanto a finca matriz resultante como a parcela segregada cumpren los parmetros urbansticos de aplicacin, e esta a sua vez cumpre as determinacins urbansticas





## Concello de Lourenzá

necesarias para a edificación existente.

Igualmente e de acordo co artigo 24 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, nas parcelacións, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ó Concello, os terreos necesarios para apertura e regularización de viais e que este aspecto xustificase no proxecto no apartado 06 referido a Parcelas Resultantes indicándose literalmente que: *“que tras la comprobación de la medición topográfica se comprueba que actualmente la parcela cumple las cesiones a viales exigibles por la Ley 2/2016 de 10 de febrero del Suelo de Galicia, donde se delimita a los 4 primeros metros desde el de los diferentes caminos con los que linda. De acuerdo al artículo 24 de la mencionada Ley, las parcelas segregadas no generan parcelas de cesión a viales”*.

Visto que o proxecto ten por obxecto segregar da Finca núm. 647. do Polígono 2 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, sita no lugar de Pousada núm.36, parroquia de Santa María, término municipal de Lourenzá, unha parcela de 1.588,10 m<sup>2</sup>, tendo a finca matriz unha superficie de 22.920 m<sup>2</sup> segundo medición realizada polo enxeñeiro de montes, D. Marcos López Felipe, en data 10 de decembro de 2021 e que é diferente da que consta na escritura de segregación de data 2 de xullo de 2010, (22.023 m<sup>2</sup>) e da que figura no catastro (22.800 m<sup>2</sup>) e dentro da mesma atopase unha edificación de 151 m<sup>2</sup>.


Visto que a finca inicial, cunha superficie de 22.920 m<sup>2</sup> presenta tres cualificacións de solo:

CUALIFICACIÓN SOLO	SUPERFICIE(M <sup>2</sup> )
Solo Rústico Protección Agropecuaria	16.393,70
Solo Non Urbanizable Núcleo Rural	1.190,20
Área Tolerancia Núcleo Rural	5.336,10
TOTAL	22.920,00

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

**PRIMEIRO.-**A autorización da segregación solicitada de conformidade co informe do arquitecto técnico municipal de 27/01/22, e dado que todas a parcelas compren as condicións de edificación que establece a normativa vixente, sendo as condicións específicas as indicadas no informe do técnico e que son as seguintes:

A) Que á vista da Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016 do





## Concello de Lourenzá

Solo de Galicia nos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á Lei 2/2016, e non adaptado á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais e as súas áreas de influencia ou tolerancia, seralles de aplicación íntegra o disposto no planeamento respectivo, neste caso as NNSS de Planeamento Municipal.

B) Que, de acordo coa normativa citada para o Solo de Núcleo Rural-Área de Tolerancia establece unha parcela mínima de 400 m<sup>2</sup> e para o Solo de Núcleo Rural-Área de Tolerancia de 1.000 m<sup>2</sup>, e visto que a finca matriz atópase emprazada en parte dentro do Núcleo Rural de Pousada, na parroquia de Santa María e que unha vez realizada as segregacións, a parcela segregada compre os parámetros urbanísticos de aplicación e resto da finca matriz, non ve alterada a súa situación urbanística.

### C) SITUACIÓN ACTUAL: DESCRICIÓN FINCA MATRIZ.

Finca número 647 del polígono 2 del plano xeral da zona de concentración parcelaria Lourenzá-Norte, que se describe así, Parcela con referencias catastrais:

a) 27027B002006470000LQ- Parcela Rústica.

b) 27027B002006470001BW- Parcela Urbana.

c) 001303900PJ31F0001XH- Parcela urbana construída, uso residencial.

Inscrita no Rexistro da propiedade de Mondoñedo, no Tomo 715 do Arquivo, Libro 86 de Lourenzá, folio 113, finca 10241, segundo datos da apartación lexitimaria da herdanza aportada.

SUPERFICIE: A finca ten unha superficie total de 22.920 m<sup>2</sup>, divididos entre :

a) Superficie Solo No Urbanizable de Núcleo Rural: 6.526,30 m<sup>2</sup>. (dos que 1.190,20 m<sup>2</sup> sería Solo No Urbanizable de Núcleo Rural propiamente dito e 5.336,10 m<sup>2</sup> sería Área de Tolerancia de Núcleo Rural.)

b) Superficie Solo Rústico de protección agropecuaria: 16.393,70 m<sup>2</sup>.

Existe unha edificación cunha superficie de 151 m<sup>2</sup>.

Todo elo de acordo coa medición realizada polo enxeñeiro de montes, D. Marcos López Felipe, colexiado núm. 4399 do COIMI, en data 10/10/2021, que figura no proxecto de segregación presentado e que é diferente á que consta na escritura de segregación de data 02/07/2010 (22.023 m<sup>2</sup>) e da que figura no catastro (22.800 m<sup>2</sup>).

### LINDEIROS:

Norte: Camiño municipal con referencias catastrais 27027B003090090000LP e 27027B003090090001BA e parcela





## Concello de Lourenzá

propiedade de Silvia Piñeiro Fraga (Ref. catastral 27027B002106470001BF)

Sur: finca de Ramón López Gallo (ref. catastral 27027B002106460000LG) e parcela propiedade de Silvia Piñeiro Fraga (Ref. catastral 27027B00210647001BF).

Leste: Camiño municipal con referencias catastrais 27027B003090100000LG e 27027B003090100001BH

Oeste: Camino municipal con referencias catastrais 27027B003090090000LP e 27027B003090090001BA e parcela propiedade de Silvia Piñeiro Fraga (Ref. catastral 27027B002106470001BF).

CARGAS: Sen cargas.

COORDENADAS GEORREFERENCIADAS DA PARCELA (FINCA MATRIZ).

PUNTO	COORDENADA X	COORDENADA Y
1	637654,7115	4816199,481
2	637661,6445	4816202,535
3	637671,9236	4816206,822
4	637677,0504	4816209,038
5	637682,4805	4816211,386
6	637685,4962	4816206,458
7	637687,2827	4816203,408
8	637689,2274	4816199,44
9	637692,1643	4816192,653
10	637694,2677	4816188,129
11	637696,0537	4816183,287
12	637697,2046	4816178,683
13	637697,284	4816176,262
14	637697,284	4816171,897
15	637696,6093	4816159,593
16	637695,6096	4816157,173
17	637689,3465	4816142,012
18	637664,4708	4816092,715
19	637651,8264	4816068,176
20	637639,4584	4816044,588
21	637628,0523	4816023,825
22	637621,7842	4816012,415





## Concello de Lourenzá

23	637614,4182	4815996,878
24	637610,8833	4815988,856
25	637610,6612	4815988,327
26	637607,0167	4815979,654
27	637531,9948	4816047,652
28	637467,5549	4816106,06
29	637466,4757	4816107,038
30	637567,675	4816156,024
31	637575,215	4816159,674
32	637601,865	4816172,564
33	637611,2255	4816177,094
34	637627,406	4816145,104
35	637674,3231	4816163,887
36	637674,4129	4816163,922
37	637660,9609	4816188,136
38	637657,0055	4816195,315
39	637655,2755	4816198,455
40	637654,7115	4816199,481

Da finca descrita anteriormente pretendese segregar unha parcela, que xunto coa finca matriz pasará a formar finca independente e a continuación se describense todas elas:

D) SITUACIÓN DESPOIS DA SEGREGACIÓN, unha vez realizada a segregación proposta, as novas parcelas quedarían da forma que, a continuación, se indica:

D.1. PARCELA SEGREGADA 01

UBICACIÓN FINCA: A parcela ubícase no Lugar de Pousada, na Parroquia de Santa María do Concello de Lourenzá;

SUPERFICIE E CLASIFICACIÓN SUELO: Ten unha extensión superficial de 1.588,10 m<sup>2</sup>, dos que, 1.190,20 m<sup>2</sup> teñen a clasificación de Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural e 397,90 m<sup>2</sup> teñen a clasificación de Área de Tolerancia de Núcleo Rural.

Superficie edificada: 151 m<sup>2</sup>.

LINDEIROS:

Norte: Camiño Municipal con referencias catastrais 27027B003090090000LP e 27027B003090090001BA.

Sur: Finca de Silvia Piñeiro Fraga (Ref. catastral 27027B002106470001BF) e parcela resto de finca matriz.

Este: Camiño municipal con referencias catastrais 27027B003090100000LG e 27027B003090100001BH.

Oeste: Camiño municipal con referencias catastrais





## Concello de Lourenzá

27027B003090090000LP e 27027B003090090001BA.

CARGAS: Sen cargas.

COORDENADAS GEORREFERENCIADAS DA PARCELA (FINCA SEGREGADA).

PUNTO	COORDENADA X	COORDENADA Y
1	637654,7115	4816199,481
2	637661,6445	4816202,535
3	637671,9236	4816206,822
4	637677,0504	4816209,038
5	637682,4805	4816211,386
6	637685,4962	4816206,458
7	637687,2827	4816203,408
8	637689,2274	4816199,44
9	637692,1643	4816192,653
10	637694,2677	4816188,129
11	637696,0537	4816183,287
12	637697,2046	4816178,683
13	637697,284	4816176,262
14	637697,284	4816171,897
15	637696,6093	4816159,593
16	637695,6096	4816157,173
17	637689,3465	4816142,012
18	637674,3231	4816163,887
19	637674,4129	4816163,922
20	637660,9609	4816188,136
21	637657,0055	4816195,315
22	637655,2755	4816198,455
23	637654,7115	4816199,481

### D.2)-RESTO DE FINCA MATRIZ

UBICACIÓN: A parcela ubícase no Lugar de Pousada, núm.36, na Parroquia de Santa María del Concello de Lourenzá;

SUPERFICIE: Ten unha extensión superficial de 21.331,90m<sup>2</sup>, dos que, 16.393,70 m<sup>2</sup> teñen clasificación de Solo Rústico de Protección Agropecuaria e 4.938.20 m<sup>2</sup> teñen clasificación de Área de Tolerancia de Núcleo Rural.

LINDEIROS:







## Concello de Lourenzá

Norte: Finca segregada 01 e parcela propiedade de Silvia Piñeiro Fraga (Ref. catastral 27027B002106470001BF).

Sur: Finca de Ramón López Gallo (ref. catastral 27027B002006460000LG).

